



PLAN DIXITAL

CEIP DE MACIÑEIRA

Versión 1.0_ xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

CEIP de Maciñeira

Enderezo			C.P.
Rúa Estrada do Roxal, 17 (Maciñeira)			15510
Localidade		Concello	Provincia
Neda (San Nicolás)		Neda	A Coruña
Tfno.	Fax	Correo electrónico	
881930402	881930403	ceip.macineira@edu.xunta.gal	
Páxina web	http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmacineira/		

O CEIP de Maciñeira ubícase no Concello de Neda. É un centro con 134 alumnos/as atendidos por dezasete mestres e mestras (dous compartidos) e distribuídos en Educación Infantil e Educación primaria do seguinte xeito:

Grupo	Educación infantil			Educación primaria					
	3 anos	4 anos	5 anos	1º	2º	3º	4º	5º	6º
A	18	18	16	17	13	16	15	6	15
Total alumnos/as	18	18	16	17	13	16	15	6	15
	52			82					
	134								

O centro atópase nunha zona rural cun nivel económico medio-baixo. Os recursos culturais dos que se dispoñen na casa son limitados por iso non todo o alumnado dispón de ordenador e/ou conexión a Internet. Ademais, gran parte das familias do centro non están alfabetizadas dixitalmente.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O plan dixital é un instrumento de planificación integrado no Proxecto Educativo de Centro que persegue fundamentalmente o desenvolvemento do tratamento da información e competencia dixital e a integración das TIC como ferramenta didáctica nos procesos de ensino-aprendizaxe co fin de que sexa un proxecto compartido para os membros da comunidade educativa que dea coherencia e guíe o uso das tecnoloxías.

Este plan, que ademais de formar parte do Proxecto Educativo de Centro, formará parte da Programación Xeral Anual (PXA), está concebido como un documento vivo que contén os acordos

acadados no centro con respecto aos obxectivos xenerales do plan, as estratexias de dinamización e xestión dos recursos tecnolóxicos e a inclusión das TIC nas diferentes concrecións curriculares. Supón un compromiso por parte de toda a comunidade educativa, cada un na medida das súas posibilidades e o seu nivel actual de formación.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Os centros educativos forman parte dun mundo en cambio permanente e dunha sociedade e mercado laboral cada vez máis dixitalizado e por esa razón, deben dar resposta a esas necesidades e demandas para poder formar cidadáns do futuro coas competencias necesarias para desenvolverse nun entorno dixitalizado.

Mediante o presente plan, preténdese:

- Avaliar a situación do centro con relación ao uso da innovación e as TIC para poder deseñar e emprender un proceso de transformación no mesmo.
- Recoñecer o Plan dixital anual como un recurso clave para a planificación da estratexia dixital dunha organización educativa.
- Transformar o centro nunha organización que aprende, convertíndoo nunha organización dixitalmente competente.
- Valorar as implicacións de toda a comunidade educativa para desenvolver unha cultura dixital na mesma.

Para a súa realización tívose en conta a seguinte normativa:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

Primero analizáronse os resultados obtidos no informe SELFIE, no Test de Competencia Dixital Docente, o DAFO e a situación actual do centro e a continuación recolléronse as ideas principais, determináronse as prioridades e establecéronse os niveis de planificación (programas, proxectos

e/ou accións) que van a marcar o plan de traballo do centro escolar no seu proceso de cambio e mellora.

A participación do equipo directivo no proceso de deseño foi clave, pola visión global que desde a súa responsabilidade aportou nesta fase e tamén será primordial na fase de implementación pola súa capacidade para mobilizar recursos da organización que permitan o cambio.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O CEIP de Maciñeira, dispón dunha conexión a Internet rápida e con bo ancho de banda. Hai boa rede Wifi en todos os espazos do centro.

Nos seus dous edificios, dispón de diversos recursos dixitais a disposición dos membros do equipo directivo, do profesorado e do alumnado.

Todas as aulas contan con proxector e ordenador (algún moi anticuados) e sete delas teñen PDI (agás a aula de terceiro de primaria e a de quinto de primaria que aínda que a ten, leva sen funcionar ano e medio e segundo o técnico da UAC non ten arreglo). Tamén hai PDI, proxector e ordenador na aula de música e na aula compartida de inglés e relixión. Na biblioteca hai proxector e un ordenador pero non hai PDI.

Dispónse dun ordenador de sobremesa na sala de profesores, outro na aula de PT, na aula de AL e no despacho do DO. En dirección e en xefatura de estudos tamén hai ordenador de sobremesa (o de xefatura funciona mal).

Na aula de informática hai seis ordenadores que hai que dar de baixa por mal funcionamento e outros catro que van funcionando despois de facerlle unha ampliación de disco. Non hai cascos, nin micrófonos ni cámaras web. Todos os ordenadores están conectados en rede, co paquete de oficina Libre Office. A maiores o centro mercou cinco CPUs.

O centro tamén dispón de oito tabletas pero seis delas non teñen conectividade por Bluetooth polo que non serven para interactuar cos robots Mbots.

O mantemento do equipamento da Xunta realízao a UAC (Unidade de Atención a Centros) e a do equipamento do centro, realízao unha empresa externa, ARTEMISA. O coordinador TIC é a persoa encargada de dar conta de todas as incidencias que se producen nos equipos informáticos se ela non é quen de resolvelas.

O centro conta con páxina web, aula virtual, Abalarmóbil, Webex e espazoAbalar. Ademais existen varios blogs desenvolvidos polo persoal do centro.

Non Plan de Continxencia creado por mor da COVID aparecen aspectos relacionados coas TIC:
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmacineira/system/files/Plan%20Continxencia%20%2021-22.pdf>

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Para levar a cabo a análise DAFO tivéronse en conta as seguintes fontes:

Autoavaliación SELFIE: Análise da competencia dixital do centro (alumnado, profesorado e membros dos equipo directivo).

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo	3,9				
	Profesorado	3,9				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo	3,6				
	Profesorado	3,2				
	Alumnado	3,6				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo	3,7				
	Profesorado	3,5				
	Alumnado	3,8				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo	4,5				
	Profesorado	4,4				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo	3,4				
	Profesorado	4,1				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo	3,3				
	Profesorado	3,1				
	Alumnado	3,8				
G- Prácticas de avaliación	Equipo	3,1				
	Profesorado	2,6				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo	3,7				
	Profesorado	3,5				
	Alumnado	3,9				

Test CDD: Test de competencia dixital do profesorado:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	8	9	88,9%
PROVISIONAL	1	2	50%
INTERINO	1	1	100%
SUBSTITUTO	4	4	100%
DESPRAZADO	2	2	100%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
84,4	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Educación Infantil	61,3	Explorador/a (A2)	66,2	Integrador/a (B1)
Educación Primaria	93,9	Integrador/a (B1)	77,3	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
Explorador/a (A2)	4	25%
Integrador/a (B1)	6	37,5%
Experto/a (B2)	6	37,5%
TOTAL	16	100%

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, o TCDD, a análise da infraestrutura, recursos e estado do centro e a análise da situación actual, o centro xenerou unha análise DAFO que permitiu o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilitou a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	1. Sistemas de protección de datos. 2. Número axeitado de dispositivos dixitais para o ensino e a aprendizaxe. 3. Espacios físicos facilitadores do ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.	1. Escaseza de dispositivos dixitais para que o alumnado poda levar a casa cando sexa necesario.
	PERSOAL DOCENTE	1. Coñecemento das normas sobre dereitos de autor e licencias de uso. 2. Acceso a posibilidades de DPC no relativo o ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. 3. Búsqueda e utilización de recursos educativos abertos.	1. Pouco uso de entornos virtuais de aprendizaxe e de tecnoloxías dixitais para a avaliación, fomentar a creatividade, e a colaboración entre o alumnado. 2. Escaso fomento da participación do alumnado en proxectos interdisciplinares.
	ALUMNADO	1. Actuación de forma segura e responsable en Internet.	1. Escaso coñecemento para a creación de contidos dixitais.
	OFERTA	1. Servizo de madrugadores e comedor 2. Invernadoiro e horto escolar 3. Actividades extraescolares	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	1. Apoio á exploración de novas formas de ensino con tecnoloxías dixitais. 2. Axuda ao profesorado a intercambiar experiencias dentro do ensino con tecnoloxías dixitais.	1.- Falta de avaliación dos progresos en materia de ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. 2.- Pouca colaboración do centro con outros centros ou organizacións para apoiar o uso de tecnoloxías dixitais.

		3. Utilización de recursos dixitalis para a comunicación coa comunidade educativa.	
--	--	--	--

		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		1.- Falta de tempo para que o profesorado poda explorar o ensino dixital. 2.- Falta de Internet e ordenadores nos fogares dunha terceira parte do alumnado
	LEXISLACIÓN		1.- A lexislación inclúe o fomento e uso dos recursos tecnolóxicos pero non soluciona o problema das familias que non teñen acceso a ordenadores.
	ANPA	1. Alto grao de apoio e implicación no proceso de Ensino-Aprendizaxe.	1.Falta de formación dixital das familias.
	PERSOAL DOCENTE	1. A maioría da plantilla é definitiva no centro polo que o Plan Dixital pode ter continuidade 2.- Posibilidade de formación no centro ao contar con profesorado cun nivel de competencia dixital B1.	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	A elaboración e seguimento do Plan Dixital para resolver as debilidades e ameazas do centro por basearse na súa realidade.	

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A posta en marcha das accións que se levarán a cabo está supeditada ás necesidades detectadas na enquisa SELFIE , á análise dos resultados do TCDD, á análise dos recursos dispoñibles do centro e do alumnado e ás necesidades detectadas derivadas da situación relacionada coa pandemia do COVID. Partindo deste mapa, fixéronse os obxectivos deste plan que serán revisados cada ano e que son susceptibles de ser modificados durante o curso escolar.

Prestarase especial atención a combatir a brecha dixital e á formación do profesorado e do alumnado. Cada unha das accións propostas, terá asociado un obxectivo mesurable, real, planificado e axustado ás necesidades do centro. Determinaranse ademáis, unha serie de indicadores para medir a súa consecución durante a súa implantación.

Nas táboas seguintes, aparecen especificados estes obxectivos considerados prioritarios, ata onde queremos chegar e con que elementos, as accións a realizar para conseguilos, os responsables das mesmas, os valores de partida e de chegada e a data prevista de consecución dos mesmos.

"Área/s de mellora": LIDERADO (A)						
OBXECTIVO 1	Proporcionar aos mestres tempo para explorar como mellorar o seu ensino con tecnoloxías dixitais. (A4)				Acadado	
RESPONSABLE:	O equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Todos os Mestres/as dispoñen alomenos dunha hora da semana no seu horario lectivo de mañá para a exploración de tecnoloxías dixitais.					
Valor de partida	0% de profesorado					
Valor previsto e data	100% de profesorado			Xuño do curso 2022/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO (10)	
AO1.1: Solicitar á Administración que todo o profesorado dispoña no seu horario dunha hora para apoiar o uso de tecnoloxías dixitais.	O equipo directivo	Setembro 2022	Persoa do equipo directivo que redacte a solicitude. Correo electrónico do Centro e da Administración. Equipo informático		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2:Elaboración de horarios no que todo o profesorado teña á súa disposición unha hora para apoiar o uso de tecnoloxías dixitais.	O xefe de estudos	Setembro 2022	Xefe de estudos Equipo informático		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": COLABORACIÓN E REDES (B)						
OBXECTIVO 2:	Aumentar a colaboración con outras entidades para desenvolver a competencia dixital (B3)				Acadado	
RESPONSABLE:	Responsable de actividades extraescolares				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de colaboracións con outras entidades (Memoria Anual)					
Valor de partida	6 colaboracións (Plan Director e Cinensino)					
Valor previsto e data	12 colaboracións (charlas, videochamadas, obradoiros,...)			Xuño 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Contactar con entidades para charlas de diferentes temas (orientación laboral, coñecemento profesional, medio ambiente, ciencia en galego, ...)	Responsable de actividades extraescolares	Xuño 2023	Responsable de actividades extraescolares Correo electrónico Equipo informático		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": INFRAESTRUTURA E EQUIPAMENTO (C)						
OBXECTIVO 3:	Dotar ao centro de máis dispositivos dixitais que o alumnado poida levar a casa (C10)				Acadado	
RESPONSABLE:	Administración educativa				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	O número de dispositivos dixitais increméntase alomenos en cinco unidades máis.					
Valor de partida	5 portátiles					
Valor previsto e data	10 portátiles			Outubro 2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Solicitar axudas e programas que axuden á dotación tecnolóxica do centro.	Equipo directivo Coordinador TIC	Setembro 2023	Persoa do equipo directivo que redacte a solicitude. Correo electrónico do Centro e da Administración. Equipo informático		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": "Área/s de mellora": PEDAGOXÍA: APOIOS E RECURSOS (E)						
OBXECTIVO 4:	Promover o uso da Aula Virtual do centro por parte do profesorado e o alumnado a partir de segundo de EP (E3)				Acadado	
RESPONSABLE:	Persoa coordinadora TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Nº de actividades levadas a cabo co alumnado na AV do centro por docente implicado					
Valor de partida	(Instrumento de medida: enquisa aos docentes implicados)					
Valor previsto e data	Non aplica (sen datos previos)					
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO4.1: Crear os cursos e matricular ao profesorado e alumnado na AV do centro	Persoa coordinadora TIC	30/10/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Publicar as actividades nos cursos correspondentes da AV do centro	Profesorado da materia	31/05/2023	Actividades creadas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Traballar co alumnado nas actividades creadas	Profesorado da materia	Xuño 2023	Actividades publicadas na aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO (H)						
OBXECTIVO 5:	Proporcionar ferramentas e estratexias ao alumnado de de 3º ciclo de EP para a creación de recursos dixitais sinxelos utilizando Goconqr (mapas conceptuais, tarxetas, quizzes,...).(H7)				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC, Profesorado de cada materia				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de recursos dixitais creados polo alumnado (Instrumento: páxina web, blogs de clase)					
Valor de partida	Non aplica (sen datos previos)					
Valor previsto e data	5 recursos dixitais creados por cada aula do alumnado implicado			30/xuño/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO5.1: Formar ao alumnado na utilización de Goconqr	Coordinador TIC Profesorado das distintas materias	30/11/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2: Realización de distintos recursos dixitais utilizando Goconqr	Alumnado	30/maio/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.3: Publicar as actividades nos cursos correspondentes da AV do centro e nos blogs de clase	Profesorado da materia Alumnado	30/xuño/2023	Cursos na AV Blogs de clase		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

O centro non necesita mellora de infraestruturas tecnolóxicas e servizos dixitais educativos pero si de equipamento para poder levalo a cabo.

O equipamento necesario sería:

- Unha pizarra dixital interactiva para a aula de quinto de educación primaria por estar estropeada a que teñen dende hai ano e medio e outra para terceiro de primaria por carecer dela. Ámbalas dúas serían necesarias para traballar cos contidos da aula virtual, búsqueda de recursos interactivos,...
- Equipos informáticos para Xefatura de Estudos e Secretaría para poder levar a cabo as súas funcións.
- Dous equipos informáticos na biblioteca para que sirvan de consulta aos alumnos que acuden a ela.
- Dous equipos máis para a sala de profesorado para poder traballar neles, procura de información ,... (na actualidade só hai un é resulta insuficiente)
- Auriculares e cámaras web para as titorías e a aula de informática para utilizar recursos interactivos, videoconferencias,...
- Renovación de alomenos seis equipos da aula de informática por estar obsoletos (son moi lentos e moitas veces quedan “colgados”) para que poidan ser utilizados por todo o alumnado en xeral e o de terceiro ciclo en particular para realizar actividades e crear recursos dixitais.

4. Avaliación do plan

4.1. Seguimento do Plan

Unha vez ao trimestre, valorarase o estado de execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

4.2. Propostas de mellora

Cada unha das accións propostas neste plan ten uns indicadores específicos que axudarán a determinar se o obxectivo proposto foi acadado e se é necesario realizar variacións no plantexamento destas accións durante o curso para que as propostas se materialicen. Coa análise destes indicadores, elaborárase un informe avaliativo final no que se recollerán os

resultados, os aspectos negativos, os positivos e as propostas de mellora para cursos posteriores.

5. Difusión do plan

Una vez aprobado, o plan difundirase a toda a Comunidade Educativa mediante a súa publicación na web do centro e a súa inclusión no Proxecto Educativo de Centro.